

Romaría da Virxe da Barca en Muxía

París de Noia, Los Satélites e Soraya actuarán en Muxía

Con motivo da Romaría da Virxe da Barca, miles de veciños e visitantes acudirán á vila para gozar dunha animada programación

CEDIDA



Integrantes da París de Noia durante unha actuación no pasado.

IAGO RODRÍGUEZ

Muxía

A vila de Muxía celebrará dende venres ata o próximo luns a Romaría da Virxe da Barca, unha das festas máis antigas e concorridas de Galicia, declarada de interese turístico nacional dende 1989. Nestas datas, miles de veciños e peregrinos de lugares afastados inundan as rúas do municipio coruñés para honrar a súa patroa, formando así un espazo onde a devoción e a diversión conxúntanse

perfectamente.

A troula dará comezo mañá, venres, cun pasacalles que amenizará o ambiente e unha sesión vermú a cargo a disco móbil CDC, que animará a verbena xunto a orquestra Kubo.

Xa polo sábado, a xornada arrancará con outro pasacalles, que dará paso a unha macro sesión vermú da man da orquestra Alianza. Pola noite, haberá unha gran verbena coas orquestras Alianza e París de Noia e, a partir das 00.30 horas, terá lugar un dos pratos fortes das celebracións, a

gran sesión de fogos de artificio. Ademais, oficiaránse misas ás 11.00, 13.00, 18.00 e 19.00 horas.

O domingo, a xornada máis esperada, comezará cunha misa ás 11.00 horas. Con todo, o momento máis especial chegará as 13.00 horas, cando terá lugar a misa solemne con procesión da Santa hasta o porto de Muxía. O camiño que conduce ata o santuario da patroa, bordeado polos típicos postos de velas e rosquillas, converterase nun fervedoiro de xente que buscará o mellor sitio entre as pedras para



Vistas da igrexa de Santa María, o santuario da patroa.

presenciar a súa chegada, así como de feis que a visitarán para pedirle ou agradecerlle favores.

Ás 14.30 horas, se poderá contemplar un dos espectáculos máis ca-

santuario. Ademais, un pasacalles animará o ambiente con música e bailes polas rúas e haberá unha sesión vermú protagonizada pola formación M-3 Show. Pola tarde, ás 19.00 horas, terá lugar o último acto relixioso e, chegada a noite, M-3 Show porá o broche final cunha verbena nocturna, que tamén contará coa actuación estelar da cantante Soraya Arnelas.

O momento estrela é a procesión da Santa ata o porto, que se celebrará o domingo

Tres pedras místicas

racterísticos da cita: a tirada da maior traca de bombas de palenque de toda Galicia. De seguido, haberá unha actuación da Coral Polifónica Virxe da Barca, que dará paso a unha macro sesión vermú amenizada polas orquestras Acordes e Galaxia.

Xa pola tarde levaráanse a cabo dous actos litúrxicos, un ás 18.00 e outro ás 19.00 horas, e ao caer a noite as orquestras Los Satélites, Acordes e Galaxia porán a música para sacar a bailar aos festeiros.

O último día das celebracións, o luns 15, oficiaránse misas ás 10.00 e as 12.00 horas, esta última con procesión da Santísima Virxe da Barca ata o

Nas cercanías do santuario encóntranse tres rochas usadas nun rito de culto pagano que logo foi cristianizado. Unha delas, a Pedra dos Cadrís, é frecuentada por persoas que padecen problemas reumáticos, que segundo as creencias deben por debaixo dela nove veces. Por outra banda, segundo a tradición, a coñecida como Pedra de Abalar emite un son misterioso ante as persoas que son inocentes fronte acusacións, infidelidades ou virxindades. Tamén se di que produce un ruído por sí mesma como aviso dun naufraxio ou outra desgracia. Por último, a Pedra dos Namorados, con forma de asento cun gran respaldo, é visitada por parellas que se prometen amor e fidelidade.

Puja por nuestros platos, disfruta de nuestro sabor

lonxa d'alvaro
Espacio Gastrocultural

C/ Marina nº22, Muxía • A Coruña • T. 981 742 501 | info@alonxadalvaro.com | www.alonxadalvaro.com

Felices Fiestas!

Les deseamos felices fiestas

Pirotecnia RICARDO RESÚA, S.L.

Espectáculos en Fuegos Artificiales

Fábrica/Almacén/Oficinas
Lg. Monte Pedroso - Vilarinho
CESPON BOIRO
A CORUÑA

Tel/Fax, 881 00 61 46
info@pirotecniaricardoresua.com
Comerciales:
629 75 54 05 - 629 75 54 06
630 049 848 - 630 049 884

Construcciones y Servicios S.L.

BÚA

- Ingeniería y Construcción: Excavaciones
- Obra pública y privada
- Servicios Medioambientales
- Desatascos; Vaciados de Fosas sépticas; Desbroces...

Lugar de Sennin 9, Dumbria
CP 15152 (A Coruña)
Telf: 608 58 77 06 - 981 727474
com@bua.es | info@bua.es
www.construccionesyserviciosbua.es

ISLAMIENTOS MUXIA

- AISLAMIENTO TÉRMICO Y ACÚSTICO
- IMPERMEABILIZACIÓN • POLIURETANO
- POLIUREA • CORCHO PROYECTADO

Sorna, 33 • Muxía • T. 667 641 289 | j.m.@aislamientosmuxia.com
www.aislamientosmuxia.com